2. A duración do permiso, contemplado no punto 1 deste artigo, ampliarase nos casos e polos períodos que a continuación se determinan:

a) Discapacidade da crianza dúas semanas máis.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29038
Data envio: 09/04/2018 13:07:58.658

b) Partos múltiples, dúas semanas máis por cada crianza a partir da segunda.

c) Partos prematuros e aqueles nos que, por calquera outra causa, a crianza deba permanecer hospitalizada a continuación do parto, tantos días como o a mesma se atope hospitalizada, ata un máximo de trece semanas.

3. Do permiso previsto neste artigo pode facerse uso a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e nos termos que regulamentariamente se determinen.

4. Durante a duración do permiso previsto neste artigo o persoal funcionario pode participar nos cursos de formación que convoque a Administración pública.

Disposición transitoria primeira. Réxime de transitoriedade ata 2022.

A partir do 1 de xaneiro de 2019, en caso de nacemento, adopción ou acollemento a outra persoa proxenitora contará cun período de suspensión total de 11 semanas.

A partir do 1 de xaneiro de 2020, en caso de nacemento, a outra persoa proxenitora contará cun período de suspensión total de 14 semanas.

A partir do 1 de xaneiro de 2021, en caso de nacemento, a outra persoa proxenitora contará cun período de suspensión total de 17 semanas.

A partir do 1 de xaneiro de 2022, en caso de nacemento, a outra persoa proxenitora contará cun período de suspensión total de 20 semanas, sendo de aplicación integral a nova modificación da Lei presente neste texto.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29038
Data envio: 09/04/2018 13:07:58.658

Disposición transitoria segunda. Especialidades.

Mentres non se produza a total equiparación nos períodos de suspensión de ambas proxenitoras, e durante o período de aplicación paulatina, o novo sistema aplicarase coas seguintes particularidades:

-No caso de parto, a nai poderá acollerse completamente aos períodos de suspensión regulados na presente Lei dende a súa entrada en vigor.

-En caso de parto dunha crianza, a nai, ao iniciarse o período de suspensión, poderá optar por que a outra persoa proxenitora goce dunha parte determinada do período de suspensión posterior ao nacemento.

-Cando as dúas persoas proxenitoras traballe, unha poderá optar porque a outra proxenitora faga uso dunha parte determinada e ininterrompida do período do permiso posterior ao parto, de forma simultánea ou sucesiva ao da nai, ata acadar o máximo sen superar no cómputo sumado o establecido nesta lei para cada ano, en cómputo anual.

-Os permisos recollidos na presente lei serán intransferibles no momento que se acade a equiparación de ambos permisos.

-Nos casos de falecemento da nai, o exercicio do dereito ao permiso previsto neste artigo corresponderá a outra persoa proxenitora, descontándose, de ser o caso, o período de duración do permiso consumido pola persoa proxenitora falecida.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29038
Data envio: 09/04/2018 13:07:58.658

Disposición transitoria terceira. Ampliación dos permisos.

En calquera momento poderán ampliarse os permisos recollidos na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, na sección terceira titulada dos Permisos do persoal funcionario por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral modificarase atendendo aos criterios de igualdade e corresponsabilidade, segundo o contemplado nas melloras que se vaian producindo na normativa europea que supoñan unha mellora dos mesmos.

Disposición derrogatoria. Derrogación normativa.

Queda derrogadas as disposicións normativas de igual ou inferior rango que se opoñan a esta norma.

Disposición final primeira.

O Goberno ditará as normas de desenvolvemento da presente modificación desta Lei para facer efectivas as mesmas, especialmente as relativas ao réxime económico e financeiro.

Disposición final segunda. Entrada en vigor.

A presente lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2018 13:07
Nº Rexistro: 29038
Data envio: 09/04/2018 13:07:58.658

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 09/04/2018 13:01:59

Marcos Cal Ogando na data 09/04/2018 13:02:21

Luis Villares Naveira na data 09/04/2018 13:02:38

Carmen Santos Queiruga na data 09/04/2018 13:02:46

Antón Sánchez García na data 09/04/2018 13:02:58

Luca Chao Pérez na data 09/04/2018 13:03:07

Eva Solla Fernández na data 09/04/2018 13:03:16

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 09/04/2018 13:03:29

Juan José Merlo Lorenzo na data 09/04/2018 13:03:41

Magdalena Barahona Martín na data 09/04/2018 13:03:49

Paula Vázquez Verao na data 09/04/2018 13:04:06

David Rodríguez Estévez na data 09/04/2018 13:04:10

Francisco Casal Vidal na data 09/04/2018 13:04:22

José Manuel Lago Peñas na data 09/04/2018 13:04:30

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

2. Comparecencias en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 32248(10/CPP-000067)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar da situación do ensino non universitario en Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
11 XUÑ. 2018
Núm. 32248

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Galicia
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
11 XUÑ. 2018
SAIDA
Núm. 201

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para informar **"da situación do ensino non universitario en Galicia".**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e Hora: 11/06/2018 08:03:17

Presidente do Parlamento de Galicia

LOPE: mp227qo941
Verificación: https://sede.xunta.gal/ove

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 32090(10/MOC-000094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de precariedade do mercado de traballo en Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación n° 23550, publicada no BOPG n.° 247, do 25.01.2018, e debatida na sesión plenaria do 05.06.2018)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 12:00
Nº Rexistro: 32090
Data envio: 08/06/2018 12:00:05.735

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 6 de xuño, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación de precariedade do mercado do traballo en Galicia (doc. núm **23550**, [**10/INT-000783**]).

Moción

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Poñer en marcha todas as medidas precisas para reverter as consecuencias de anos de desregulación laboral, amparada por sucesivas reformas laborais que deron carta de natureza á precariedade, temporalidade laboral, expulsión do mercado de traballo de miles de galeg@s, á emigración masiva, e se teñen traducido en pobreza e exclusión social.

-Presentar no Parlamento un informe detallado coa xustificación e os motivos da non execución orzamentaria acumulada durante os sucesivos exercicios orzamentarios 2009-2017, que acumulan 1.000 millóns de euros, en programas como os que se relacionan a continuación e as consecuencias para a clase obreira galega aos que tiñan que ir destinados estes recursos:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 12:00
Nº Rexistro: 32090
Data envio: 08/06/2018 12:00:05.735

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 322A-Mellora e fomento da empregabilidade
- 322B-Intermediación e inserción laboral
- 322C-Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo
- 323A-Formación profesional desempregados
- 323B-Mellora da cualificación no emprego
- 324A-Mellora da organización e administración das relacións laborais e da economía social
- 324C-Promoción da economía social

-O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español para:

- Que proceda á derrogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de junio, de medidas urxentes para a reforma del mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de "medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 12:00
Nº Rexistro: 32090
Data envio: 08/06/2018 12:00:05.735

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

- Que proceda á aprobación e aplicación inmediata do incremento do salario mínimo interprofesional ata acadar o 60% do salario medio, tal como establece a Carta Social Europea."

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018

Asdo. **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/06/2018 11:54:58

Ana Pontón Mondelo na data 08/06/2018 11:55:03

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 32091(10/MOC-000095)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sistema financeiro de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 30608, publicada no BOPG n.º 305, do 16.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 05.06.2018)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 12:16
Nº Rexistro: 32091
Data envio: 08/06/2018 12:16:47.532

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** por iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **núm. 30608 (10/INT-001014)** debatida na sesión plenaria do 6 de xuño de 2018, sobre a situación do sistema financeiro galego.

MOCIÓN:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a entregar aos grupos parlamentarios:

1) A carta de encargo á KPMG da due diligence sobre o proxecto de fusión das caixas galegas.

2) Os informes dos técnicos da Consellería de Facenda incorporados ao expediente de autorización de fusión das caixas galegas, segundo o declarado en comparecencia escrita por Marta Fernández Currás."

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 12:16
Nº Rexistro: 32091
Data envio: 08/06/2018 12:16:47.532

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Antón Sánchez García na data 08/06/2018 12:15:38

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 32185(10/MOC-000096)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co tratamento de residuos líquidos. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 18190, publicada no BOPG n.º 191, do 11.10.2017, e debatida na sesión plenaria do 05.06.2018)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 17:12
Nº Rexistro: 32185
Data envio: 08/06/2018 17:12:51.651

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada, **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada os días 5 e 6 de xuño de 2018, sobre o tratamento de residuos líquidos (10/INT-000595, doc. núm. 18190)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, en relación ás súas competencias en materia de depuración, a:

1. Que colabore co Ministerio de Transición Enerxética e Medio Ambiente ante as sancións económicas da UE a España pola falla de tratamento de residuos líquidos nos núcleos urbanos de Galicia.
2. Que execute, neste ano 2018, o Plan de saneamento de Galicia, cumprindo así o establecido na Directiva 1991/271 e no Real decreto-lei 11/1995.
3. Que adopte medidas urxentes de acción integral sobre as áreas potencialmente ameazadas na Comunidade Autónoma e encamiñadas á súa recuperación medioambiental e produtiva.
4. Que elabore e poña en funcionamento, ao longo deste ano 2018 e cunha partida orzamentaria específica, plans especiais de sustentabilidade e aproveitamento das rías de Arousa e Pontevedra.
5. Que dea resposta á depuración e ao tratamento de todas as augas residuais urbanas de Galicia e, concretamente:
   a) Solucionando todos os problemas das edares de Os Praceres e Ames.
   b) Favorecendo o remate inmediato do dragado da ría de O Burgo.
   c) Licitando o proxecto de dragado e rexeneración do fondo da ría de Pontevedra, con partida orzamentaria específica.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

d) Asinando un convenio de colaboración entre as tres Administracións implicadas na nova EDAR de Santiago de Compostela, co fin da súa inmediata posta en marcha.

e) Elaborando un estudo sobre o estado da antiga explotación mineira de Touro e executando un proceso especial de restauración para evitar calquera impacto medioambiental sobre os cursos fluviais que chegan á ría de Arousa.

Pazo do Parlamento, 8 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/06/2018 17:11:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/06/2018 17:11:25

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4. Proposicións non de lei en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 9522(10/PNP-000889)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre a implantación pola Xunta de Galicia dun observatorio autonómico galego para a defensa da transparencia no acceso e na xestión das institucións investigadoras e universitarias

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2017 10:16
Nº Rexistro: 9522
Data envio: 26/05/2017 10:16:05.696

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga e** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate en **Pleno,** relativa a creación dun Observatorio Autonómico galego para a defensa da transparencia no acceso e xestión das institucións investigadoras e universitarias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vivimos nun período de crise de credibilidade nas institucións, en gran medida polos constantes casos de corrupción que afectan ao país. De nós depende recuperar a confianza da cidadanía e iso pasa por, entre outras medidas, mellorar a transparencia e o bo goberno. As institucións deben render conta pública, de maneira activa, das súas actividades á sociedade.

Esta rendición de contas tamén afecta as institucións investigadoras e ás universidades, eixo do desenvolvemento cultural, económico e social do país. Para poder falar de participación cidadá nestas institucións, é necesario que teñamos información visible, accesible e comprensible sobre a súa estrutura, a súa organización, normativa, obxectivos, resultados, orzamento, uso de fondos públicos, contratación con terceiros, etc. Resulta imprescindible, para o correcto funcionamento das institucións investigadoras e das universidades, avanzar no camiño da transparencia e acceso da información, sobre a acción de goberno, a xestión económica e administrativa e os resultados alcanzados pola súa actividade.

Co fin de acabar coa falta de transparencia, especialmente nos procesos de selección e acceso nas institucións investigadoras ou universitarias, propoñemos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2017 10:16
Nº Rexistro: 9522
Data envio: 26/05/2017 10:16:05.696

a creación dun Observatorio autonómico para a defensa da transparencia no acceso e xestión das institucións investigadoras e universitarias. Este Observatorio actuaría contra outros problemas sistémicos destas institucións que provocan arbitrariedades e inxustizas no acceso á carreira docente e á investigadora, como, por exemplo, a situación de precariedade do seu persoal. Ademais, servirá de sistema de alerta sobre os problemas de transparencia nos órganos e procesos das institucións públicas de investigación e universidades. Pretendemos que sexa un organismo aberto á cidadanía e receptivo a queixas sobre a falta de transparencia e equidade no sistema español de investigación.

A base de toda administración pública debería ser a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno, cando a sociedade é coñecedora da toma de decisións no seo das institucións, do manexo do diñeiro público e dos criterios que se manexan para levar a cabo as actuacións que nos afectan, podemos empezar a crer que as institucións responden ás demandas da cidadanía.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei para ao seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implantar un Observatorio Autonómico galego para a defensa da transparencia no acceso e xestión das institucións investigadoras e universitarias.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Voceira s. do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2017 10:16
Nº Rexistro: 9522
Data envio: 26/05/2017 10:16:05.696

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 26/05/2017 10:14:54

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 19704(10/PNP-002292)

Grupo Parlamentario de En Marea

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre creación dun parque de bombeiros de xestión pública directa con base nalgún dos concellos da comarca do Val Miñor, no que se integre o actual persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal da Mancomunidade do Val Miñor

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 3 NOV. 2017
Núm. 19704

INICATIVA POPULAR PARA A PARTICIPACIÓN POPULAR NO IMPULSO DO GOBERNO A TRAVÉS DE PROPOSICIÓNS NON DE LEI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A bisbarra do Val Miñor formada polos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán ten unha poboación permanente de 43904 persoas. Esta poboación multiplícase na época estival

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
9 NOV. 2017
Núm. 19704

chegando aos 100.000 residentes e tendo picos de poboación preto dos 120.000 habitantes, aos que hai que sumar a existencia de varios polígonos industriais como o do Porto do Molle ou a Pasaxe, no que están instalados numerosas empresas.

Esta bisbarra miñorana espállase nun territorio de 145,2 km cadrados dos que 34,9 pertencen a Nigrán, 34,4 a Baiona e 74,5 a Gondomar. A dispersión e a grande extensión do seu territorio, complican a atención das emerxencias, subliñando que os datos xeográficos falan da disparidade e contraste de altitudes que se rexistran entre as distintas parroquias, ás que temos que engadir as longas distancias e os pasos estreitos e dificultosos dalgunhas vías secundarias ou terciarias, polo que o tempo de resposta é fundamental e as veces vital.

Tanto a veciñanza estable como a estacional ou esporádica teñen dereito á actuación unha resposta eficaz ante os riscos é a unha adecuada protección da súa integridade, dos seus bens e do seu entorno.

Actualmente os poderes públicos tratan de garantir este dereito cun infradotado Grupo de Emerxencias Supramunicipal que é xestionado pola mancomunidade do Val Miñor, contando co apoio do parque comarcal de bombeiros de O Porriño, que pola distancia entre a súa base e a comarca ten un tempo de resposta superior ao que consideramos adecuado.

Por todo isto a Comisión Promotora desta Iniciativa non lexislativa popular para a Creación dun Parque de Bombeiros no Val Miñor presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Parlamento de Galicia.

O parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Creación dun Parque de Bombeiros de xestión pública directa con base nalgún dos Concellos da Comarca do Val Miñor, no que se integre o actual persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal da Mancomunidade do Val Miñor.

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 29465(10/PNP-002154)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun informe respecto das posibilidades e circunstancias que se abren co Brexit, en termos comerciais, en relación cos produtos pesqueiros galegos

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 17:48
Nº Rexistro: 29465
Data envio: 16/04/2018 17:48:45.469

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O proceso de negociación entre a UE e UK para acordar os termos da saída do Reino Unido da Unión Europea deberá ter en conta aspectos tan dispares e complexos como o das relacións comerciais.

Ábrese, por tanto, un período de intensas conversacións para dilucidar cal vai ser o escenario final en ámbitos moi diversos, entre eles o comercial, tanto dende o punto de vista das exportacións e as importacións.

Debemos ter en conta que, segundo datos do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, España (e Galicia, principalmente) exportaron a Reino Unido un total de 75 millóns de euros en 2016, dos cales o 51% foron latas de atún.

Pola contra, Reino Unido exporta a España (e Galicia, principalmente) unha cantidade moi superior ás nosas exportacións, exportando en 2016 a España un total de 203 millóns de euros.

Cómpre lembrar que fomos a primeira rexión europea en trazar unha folla de ruta e en encargar dous informes para avaliar as consecuencias sociais e económicas do Brexit para a pesca galega.

Pero temos que ir máis alá, para acadar mellores argumentos para a pesca galega, continuar buscando aliados noutros estados cos que teñamos intereses comúns.

En definitiva, o Grupo Parlamentario Popular, cre necesario seguir profundando e analizar os posibles efectos do Brexit para o sector pesqueiro, neste caso concreto, no ámbito da comercialización de produtos pesqueiros, por todo isto preséntase a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2018 17:48
Nº Rexistro: 29465
Data envio: 16/04/2018 17:48:45.469

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar un informe sobre as posibilidades e circunstancias que se abren co Brexit en termos comerciais en relación aos produtos pesqueiros galegos."

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/04/2018 17:47:07

Alberto Pazos Couñago na data 16/04/2018 17:47:15

Carlos Enrique López Crespo na data 16/04/2018 17:47:26

Teresa Egerique Mosquera na data 16/04/2018 17:47:32

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/04/2018 17:47:40

Marta Rodriguez Arias na data 16/04/2018 17:47:46

María Soraya Salorio Porral na data 16/04/2018 17:47:55

Daniel Vega Pérez na data 16/04/2018 17:48:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.4 29664(10/PNP-002173)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o establecemento da compostaxe como modelo universal de tratamento dos biorresiduos urbanos no primeiro trimestre de 2019, así como para estudar a posibilidade de colaborar coa Deputación Provincial de Pontevedra no desenvolvemento do Plan Revitaliza e a súa ampliación ao resto do territorio galego

Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 12:49
Nº Rexistro: 29664
Data envio: 19/04/2018 12:49:36.523

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado xoves 22 de marzo, nunha resposta en comisión a preguntas do PP, a Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Xunta de Galiza afirmou que o concello de Pontevedra non contaba con autorización para a instalación de composteiros comunitarios. Segundo a Directora Xeral era necesario contar coa citada autorización xa que se trata dunha actividade de xestión de residuos.

Como trasfondo deste debate sobre os centros de compostaxe comunitaria está o modelo de xestión dos residuos sólidos urbanos e as previsións de cumprimento das obrigas establecidas na Directiva Europea de Residuos, no Plan Estatal Marco de Xetión de Residuos (PEMAR 2016-2022) e no Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galiza 2010-2020, que foi sometido a diversas revisións e actualización, a última de decembro de 2016.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 12:49
Nº Rexistro: 29664
Data envio: 19/04/2018 12:49:36.523

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No tocante á xestión e tratamento dos residuos sólidos urbanos, a Xunta de Galiza apostou por un sistema centralizado, costoso e ineficiente, que ten elevados custos económicos, sociais e ambientais, e que incumpre a normativa estatal e europea sobre esta materia, pola imposibilidade de cumprir o obxectivo de reciclaxe do 50% dos residuos antes de 2020.

O BNG considera necesario promover e potenciar o tratamento in situ ou no ámbito máis próximo dos residuos sólidos ubanos, nomeadamente no caso dos biorresiduos. A deputación de Pontevedra puxo en marcha um programa pioneiro denominado Revitaliza, que ten como obxectivo implantar a compostaxe como sistema de tratamento dos residuos urbanos biodegradábeis.

O propio plan de xestión de residuos sólidos urbanos 2011-2020 da Xunta de Galicia contempla, na actualización de 2016, a necesidade de 12 plantas de compostaxe así como outras fórmulas como a compostaxe *in situ* (domicialiaria e comunitaria).

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Establecer a compostaxe (domiciliaria, comunitaria e en planta) como sistema universal de tratamento da fracción orgánica dos urbanos no horizonte do primeiro trimestre do ano 2019, coa finalidade de cumprir o obxectivo de reciclaxe

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 12:49
Nº Rexistro: 29664
Data envio: 19/04/2018 12:49:36.523

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do 50% dos residuos antes de 2020. Con este obxecto aprobaranse as modificacións legais e normativas oportunas.

2. Abrir un proceso de diálogo coa Deputación de Pontevedra para estudar a posibilidade de colaborar no desenvolvemento do plan Revitaliza e amplialo ao resto do territorio galego."

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/04/2018 12:46:03

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 12:49
Nº Rexistro: 29664
Data envio: 19/04/2018 12:49:36.523

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2018 12:46:08

Ana Pontón Mondelo na data 19/04/2018 12:46:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/04/2018 12:46:11

Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2018 12:46:13

Noa Presas Bergantiños na data 19/04/2018 12:46:14

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.5 29822(10/PNP-002189)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa certificación, concesión de axudas e cesión dos montes veciñais en grave estado de abandono a todas aquelas comunidades de montes veciñais en man común que estean en cumprimento de todas as súas obrigas legais, en especial, no referido á aprobación dos seus instrumentos de ordenación ou xestión forestal

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 16:45
Nº Rexistro: 29822
Data envio: 20/04/2018 16:45:22.087

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Silvestre Balseiros Guinarte, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno.**

Exposición de motivos

O monte galego ocupa unha superficie aproximada de 2.000.000 de hectáreas, o que supón mais de dúas terceiras partes do territorio galego. Galicia é unha das Comunidades Autónomas españolas con maior superficie forestal e a terceira con maior porcentaxe forestal respecto ao total do territorio.

A estrutura da propiedade forestal galega ten unhas características especificas e diferenciadas. Podemos así establecer tres grandes grupos de propietarios:

- Montes de titularidade pública. Considéranse aquí os que pertencen á Xunta de Galicia, aos concellos e ás entidades locais menores.
- Montes veciñais en man común. Son propiedades privadas, de natureza xermánica, que pertencen colectivamente, e sen atribución de cotas, ás respectivas comunidades veciñais titulares, estando suxeitos ás limitacións de indivisibilidade, inalienabilidade, imprescriptibilidade e inembargabilidade.
- Montes de propietarios particulares. Aquí inclúese ou resto de terreos forestais, caracterizados por un minifundismo extremo en moitos casos.

O reparto da propiedade determina que o 97,3% da superficie forestal e privada mentres que so o 2,7% ten titularidade pública. A exigua porcentaxe de monte público galego é case 10 veces menor que a media das comunidades autónomas de España que se sitúa sobre o 31%.

Dentro do monte galego, unha figura moi importante é a das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común. A súa importancia ven dada en primeiro lugar pola superficie que corresponde a este tipo de montes, supoñen 638.296 hectáreas que son propiedade de 3.069 comunidades de montes.

Fronte a superficie media das parcelas de particulares, en torno os 2.500 metros cadrados, as comunidades de montes poden definirse como grandes propietarios, xa que o tamaño medio dos montes veciñais é de 208 hectáreas.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 16:45
Nº Rexistro: 29822
Data envio: 20/04/2018 16:45:22.087

O Grupo Parlamentario Popular, consciente desta importancia dos montes veciñais, considera que as súas características e a súa protección están suficientemente definidas e aseguradas na Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Calquera que teña analizado o devir histórico dos montes veciñais entenderá que a cualificación da súa propiedade como de natureza privada e colectiva acabou definitivamente coas pretensións municipalizadoras dos mesmos. Pero e que ademais o apartado 1 do artigo 3 da Lei 13/1989 sinala tamén que a súa titularidade dominical e mailo aproveitamento correspóndenlle, sen asignación de cotas, ó conxunto dos veciños titulares de unidades económicas, con casa aberta e residencia habitual nas entidades de poboación ás que tradicionalmente estivese adscrito o seu aproveitamento, e que veñan exercendo, segundo os usos e costumes da Comunidade, algunha actividade relacionada con aqueles.

Non esquezamos que na segunda metade dos anos 70 e a década dos anos 80 do século pasado houbo unha reivindicación social das comunidades de veciños pola propiedade privada dos montes veciñais, e que esta reivindicación foi liderada polos sindicatos e por movementos nacionalistas.

Polo tanto a natureza privada da propiedade dos montes veciñais xorde como unha defensa fronte a súa municipalización, é as súas especiais características e protección se recollen no artigo 2 da Lei 13/1989 onde se sinala que son bens indivisibles, inalienables, imprescritibles e inembargables, e non están suxeitos a ningunha contribución de base territorial nin á cota empresarial da Seguridade Social.

Unha vez deixado clara a nosa postura sobre a caracterización e protección dos montes veciñais e a súa importancia como protagonistas do desenvolvemento do noso monte, é necesario abordar algúns dos problemas que lles afectan sendo a súa solución unha defensa en si mesma dos montes veciñais.

Das 3.069 comunidades de montes veciñais existentes en Galicia atopámonos con diferentes situacións dende o punto de vista da súa xestión:

- Hai 586 comunidades de montes que nunca comunicou os datos da súa xunta reitora ou que ten esta caducada.
- Hai 214 comunidades de montes que nunca comunicaron datos de ingresos e reinvestimentos (ou levan mais de cinco anos sen facelo).

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 16:45
Nº Rexistro: 29822
Data envio: 20/04/2018 16:45:22.087

E dicir, mais dunha cuarta parte das comunidades de montes non fan absolutamente ningunha xestión dos seus montes. En canto as demais hai diferentes grados de xestión, sendo un total de 1.015 as que teñen estatutos, xunta reitora e presentaron a comunicación de ingresos e reinvestimentos no último ano. Serían as que cumpren con todas as obrigas legais. Habería outras 1.245 que aínda que fan algún tipo de xestión non cumpren coa totalidade das súas obrigas.

Polo tanto, dous terzos das comunidades de montes ou non fan xestión ou non cumpren coas súas obrigas legais.

Outro dato relevante é que so 523 comunidades de montes teñen aprobado un instrumento de ordenación ou xestión forestal, cunha superficie conxunta de 160.868 hectáreas. Supoñen un 17% das comunidades de montes que teñen o 25% da superficie total dos montes veciñais.

En definitiva, o Grupo Parlamentario Popular defende o papel protagonista das comunidades de montes na configuración do noso monte, sempre que se faga una xestión axeitada. Agora cabe formularse a pregunta sobre que se pode facer cos montes que pertencen a comunidades que non fan ningunha xestión ou que mesmo non existen.

Dada o número de comunidades que están nesta situación e a extensión dos seus montes, trátase dun problema o que lle temos que dar resposta como fai a Lei 13/1989, cando regula a xestión cautelar e as medidas a tomar cando os montes se encontren en grave situación de abandono, nos artigos 27 e seguintes da norma legal. Estes artigos foron modificados pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

A xestión cautelar asúmese pola consellería competente cando se extinga ou desapareza a comunidade de veciños, sempre de forma provisional ata que, de ser o caso, se reconstitúa a comunidade.

Pola súa banda, o artigo 28 define o monte veciñal en estado de grave abandono ou degradación como aquel que, de modo manifesto, sufrise unha grave deterioración ecolóxica, non sexa explotado de acordo cos seus recursos ou sufra unha extracción abusiva deles. Tamén se regulan os indicadores obxectivos que serven para a determinación do estado de grave abandono ou degradación dos montes:

a) O grao de aproveitamento da extensión superficial.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 16:45
Nº Rexistro: 29822
Data envio: 20/04/2018 16:45:22.087

b) O grao de manifesto desuso.
c) O grao de acomodación aos aproveitamentos establecidos en instrumentos de ordenación ou xestión forestal, de ser o caso, independentemente de que se refira a aproveitamentos madeireiros, de pastos ou outros.
d) O carácter depredador das actividades extractivas dos recursos.
e) O perigo manifesto de degradación das terras.

O noso Grupo Parlamentario non pode compartir a posición de quen baseándose nunha suposta defensa das comunidades de montes entende que nestes casos de grave abandono non se debe de facer absolutamente nada. Estamos a falar de situacións moi graves nas que a Lei prevé en primeiro lugar dirixirse a comunidade para que presente un instrumento de ordenación ou xestión forestal para o seu monte.

Só no caso de que non se cumpra con esta obriga pola comunidade , e logo da declaración de grave abandono, a dirección xeral competente en materia de montes acordará a incorporación do monte veciñal ao Banco de Terras, co fin de que a entidade xestora poida ceder o seu uso e aproveitamento nos termos previstos pola Lei 6/2011 de Mobilidade de Terras. Ademais, a norma obriga a que o beneficiario da cesión presente un instrumento de ordenación ou xestión forestal para a súa aprobación.

Esa é a finalidade da norma, conseguir que o monte degradado sexa correctamente xestionado. As características mais destacables da cesión recollida na Lei son dúas:

- A cesión farase cunha contraprestación económica a favor de comunidade de veciños. Se esta non existira a contraprestación será aboada a Administración Forestal, que a destinará a un fondo para investir na promoción e apoio á xestión dos montes veciñais.
- O prazo de cesión non poderá superar os 50 anos.

Dada a posición do noso grupo parlamentario de apoio a figura das comunidades de montes, entendemos que deben de establecerse criterios que favorezan as comunidades de montes que estean cumprindo escrupulosamente coas súas obrigas legais, sobre todo no que se refire a ordenación e xestión dos seus montes e no reinvestimento no monte dos porcentaxes de ingresos determinados pola lei.

Dende esta perspectiva, e aínda que a lei non especifica a tipoloxía dos beneficiarios das cesións dos montes veciñais en grave abandono, consideramos que nestas cesións deberían de ter preferencia este tipo de comunidades de montes si decidiran optar a cesión.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2018 16:45
Nº Rexistro: 29822
Data envio: 20/04/2018 16:45:22.087

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

1. A que, a través da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, certifique a aquelas comunidades de montes veciñais en man común en Galicia que estean en cumprimento das súas obrigas legais, especialmente no relativo á aprobación dos seus instrumentos de ordenación ou xestión forestal.

2. A que a tenza desa certificación supoña un criterio puntuable na concesión de axudas públicas nas que poidan ser beneficiarias as comunidades de montes.

3. A que dita certificación supoña tamén un criterio para primar, na cesión dos montes veciñais en grave estado de abandono, mediante un sistema obxectivo, ás comunidades de montes que cumpran a totalidade das súas obrigas legais e dispoñan de instrumento de ordenación ou xestión forestal para os seus montes".

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 20/04/2018 16:41:57

Silvestre Balseiros Guinarte na data 20/04/2018 16:42:18

María Encarnación Amigo Díaz na data 20/04/2018 16:42:26

Moisés Blanco Paradelo na data 20/04/2018 16:42:35

Daniel Vega Pérez na data 20/04/2018 16:42:42

Carlos Gómez Salgado na data 20/04/2018 16:43:02

Raquel Arias Rodríguez na data 20/04/2018 16:43:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 30408(10/PNP-002253)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre o establecemento polo Goberno galego dun fondo de compensación anual que sirva para incorporar aos orzamentos das universidades galegas os ingresos que deixan de percibir pola conxelación das taxas de matrícula dos graos e a rebaixa dos prezos dos mestrados habilitantes

Publicación da iniciativa, 301, 08.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:19
Nº Rexistro: 30408
Data envío: 03/05/2018 17:19:12.782

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados Concepción Burgo López, Xoaquín Fernández Leiceaga e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Na sesión Plenaria do Parlamento de Galicia do 25 de abril e respondendo ao portavoz do Grupo Socialista, o presidente da Xunta afirmou que ía propoñer ás universidades de Galicia conxelar por sétimo ano consecutivo as taxas de matrícula dos graos e rebaixar á metade o prezo dos másteres habilitantes de xeito que o seu prezo por crédito se equiparase aos dos graos.

Estamos de acordo con esta rebaixa, aínda que son necesarias máis medidas sobre todo de axudas aos estudos, dado que resolve unha situación inxusta na que o estudantado tiña que pagar un alto prezo para cursar os másteres que eran obrigatorios para cursar diversas profesións, e que na anterior organización de estudos custaban o mesmo que os graos.

Segundo os datos ofertados pola Xunta de Galicia, a rebaixa do prezo dos másteres suporía un aforro de máis de 2,3 millóns de euros por curso para as familias dos estudantes que cursan estes estudos cada ano.

En conxunto a Xunta de Galicia calcula que as familias aforrarían cada ano 20 millóns de euros, pero é evidente que o que aforran as familias o deixan de ingresar as universidades, que verían descender uns ingresos xa moi minguados, situación que dende logo non nos parece xusta e que é preciso corrixir porque non parece xusto que a política de rebaixa das taxas dera como resultado un menor poder económico das universidades.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer un fondo compensatorio anual cunha contía pactada coas tres universidades, que sirva para incorporarlles aos seus orzamentos anuais os ingresos que deixan de percibir pola conxelación das taxas e a rebaixa dos másteres habilitantes.

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2018 16:41:13

Maria de la Concepción Burgo López na data 03/05/2018 16:41:23

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 03/05/2018 16:41:34

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.7 30595(10/PNP-002262)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta do parque público de vivendas

Publicación da iniciativa, 305, 16.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:24
Nº Rexistro: 30595
Data envio: 07/05/2018 17:24:54.427

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A política de acceso á vivenda da Xunta de Galicia cubriu este ano un dos peores resultados de execución de todas as partidas orzamentarias previstas para o ano 2017. Soamente se chegou a un 41,3 % de execución.

Ano a ano vemos como a política de vivenda se estanca e especialmente na oferta do parque público de vivendas, tanto para alugueiro como en propiedade.

Os datos que se reflicten anualmente sobre o número de demandantes, e actualizados día a día, a data do 3 de maio do 2018 era de 11801 demandantes, a maior parte deles, un 75 % son solicitantes en réxime de alugueiro, un 15 % destes con opción a compra.

A oferta de vivenda pública ten baixado notablemente nos últimos anos en Galicia. A Xunta de Galicia ten atribuído estes escasos recursos para promoción de vivendas públicas á súa aposta política pola rehabilitación e reutilización de vivendas baleiras.

O pasado ano 2017 foron soamente 9 as vivendas autonómicas cualificadas definitivamente, segundo datos do propio Ministerio de

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:24
Nº Rexistro: 30595
Data envio: 07/05/2018 17:24:54.427

Fomento. Dato que constata a escasa, por non dicir case inexistente oferta , que se ve incapaz de cubrir suficientemente a demanda actual.

De feito co ritmo dos últimos 5 anos, non se ten cuberto máis que o 1 % da demanda anual existente.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que:

– Adopte as medidas necesarias para reactivar desde o Instituto Galego de Vivenda e Solo a oferta, tanto en réxime de alugueiro como de propiedade, de vivendas do parque público, e en resposta ó rexistro único de demandantes de vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

– Facilite en todo caso a posibilidade de optar a vivendas de alugueiro con opción a compra nas edificacións de nova promoción e na mesma porcentaxe que constate o rexistro de demandantes.

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 07/05/2018 17:21:36

Raúl Fernández Fernández na data 07/05/2018 17:21:42

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2018 17:24
Nº Rexistro: 30595
Data envio: 07/05/2018 17:24:54.427

Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/05/2018 17:21:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/05/2018 17:21:51

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

4.8 31742(10/PNP-002383)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas que debe demandar o Goberno galego ao Goberno central para regularizar e homoxeneizar a tributación das pensións das persoas emigrantes retornadas

Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 16:59
Nº Rexistro: 31742
Data envio: 31/05/2018 16:59:19.412

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á satisfacción das demandas das plataformas de emigrantes retornados e retornadas en relación coa tributación das súas pensións e ao cumprimento dos acordos plenarios na materia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente como o actual sistema impositivo non está a contribuír a corrixir as desigualdades económicas nin para redistribuír a riqueza. Ben ao contrario, as decisións que foron emanando ao respecto por parte do goberno central foron na dirección contraria e supuxeron grandes problemas para as maiorías sociais. Un dos sectores máis afectados foi o das e dos pensionistas galegos e, de forma especial, as e os emigrantes retornados.

Xa desde o ano 2013 tiveron que mobilizarse e organizarse socialmente para dar resposta ás inxustizas arbitradas pola facenda estatal. Milleiros de galegos e galegas viron como despois de traballar mesmo décadas fóra de Galiza obtiñan un tratamento fiscal desigual que os situaban como defraudadores e defraudadoras ao tempo que se ían coñecendo publicamente os casos de corrupción e malversación de dirixentes do Partido Popular. Se foran expulsados da súa terra de orixe nos mellores anos da súa vida, volvían recibir un duro golpe. Porén, a súa vontade incansábel conseguiu forzar cambios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 16:59
Nº Rexistro: 31742
Data envio: 31/05/2018 16:59:19.412

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

normativos que permitiron, grazas á mobilización popular e á contestación social, que moitas persoas recuperaran o perdido. A finais do ano 2014, a través da disposición adicional da Lei 26/2014 introduciuse unha modificación mediante a que de forma implícita o goberno central viña a recoñecer que a Axencia Tributaria viña realizando unha interpretación abusiva das disposicións legais. Desta forma, estabeleceuse un período de regularización e o establecemento dun período voluntario de tributación para os e as que aínda non teñan realizado a declaración.

Porén, hai que sinalar tamén que estas mudanzas son aínda insuficientes e non supuxeron unha recuperación global dos dereitos vulnerados nin a tranquilidade para as diferentes casuísticas. A día de hoxe segue sen existir unha regulación real, clara e xusta da tributación para os e as emigrantes retornadas. Este colectivo continúa a pé de rúa para demandar ao goberno español o cumprimento dos convenios bilaterais asinados cos Estados membros, a eliminación dos expedientes abertos e o impulso de cambios normativos para homoxeneizar o status das pensións independentemente da súa orixe no marco do estado español ou no marco estranxeiro.

Unha das ausencias máis significativas é a referente ao tratamento xusto das pensións de invalidez. Neste sentido, en abril de 2017 o Bloque Nacionalista Galego impulsaba no Parlamento Galego un acordo ao respecto que foi adiante co seguinte contido: «O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se demande do Goberno español que nas negociacións dos convenios de dobre imposición se introduza unha cláusula que permita o recoñecemento dos certificados de invalidez de calquera dos estados contratantes para os efectos das obrigas tributarias que podan ter as súas pensións no país de residencia do ou da pensionista.». Porén, desde entón non se teñen producido cambios significativos a favor deste colectivo. Máis aínda, temos noticia de feitos preocupantes ao coñecermos casos que se ben até o momento tiñan rematado con sentenzas favorábeis cara as e os contribuíntes, comezaban a determinarse como

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 16:59
Nº Rexistro: 31742
Data envio: 31/05/2018 16:59:19.412

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desestimatorias, visibilizando un cambio de criterio por parte dos operadores xurídicos. Un cambio de criterio que desde a formación nacionalista vemos con preocupación, xa que pola parte competente aos organismos administrativos do social tampouco se ten dado unha mellora e actualización das canles a seguir para solucionar estas situacións, nin se prevén novos mecanismos que superen a saturación e listas de agarda que existen na actualidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado as seguintes medidas para regularizar e homoxeneizar a tributación das pensións das e dos emigrantes retornados:

1. Realizar as modificacións oportunas da Lei 35/2006 para o estabelecemento dun marco homoxéneo para todas as pensións contemplando as exencións de presentar declaración do IRPF de non superar determinados limiares de renda.

2. Realizar das modificacións oportunas para evitar a retroactividade que estabelece a disposición adicional primeira da Lei 26/2014, tanto en relación coas persoas que xa tributaron polas rendas percibidas en exercicios anteriores, así como aquelas aínda pendentes de tributar.

3. Estabelecer no 2018 dos criterios para a homologación e recoñecemento de oficio dos certificados de invalidez recoñecidos nos países de procedencia de forma que se evite a discriminación na exención na tributación destas pensións, as listas de agarda

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 16:59
Nº Rexistro: 31742
Data envio: 31/05/2018 16:59:19.412

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no recoñecemento administrativo e a obriga ao recurso xudicial. Así mesmo, desenvolverase unha campaña informativa específica ao respecto desta cuestión.

4. Demandar que ata a posta en marcha destas medidas sexan freados os requirimentos enviados ás e aos pensionistas retornados.

5. Tramitar a devolución de oficio dos montantes cobrados indebidamente así como das sancións aplicadas inxustamente.”

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/05/2018 16:54:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2018 16:59
Nº Rexistro: 31742
Data envio: 31/05/2018 16:59:19.412

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 31/05/2018 16:54:37

Olalla Rodil Fernández na data 31/05/2018 16:54:39

Xosé Luis Bará Torres na data 31/05/2018 16:54:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/05/2018 16:54:46

Ana Pontón Mondelo na data 31/05/2018 16:54:49

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 29887(10/INT-000982)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a planificación do Goberno galego en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio

Publicación da iniciativa, 299, 03.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2018 17:08
Nº Rexistro: 29887
Data envio: 23/04/2018 17:08:12.361

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O infarto agudo de miocardio é un dos problemas sanitarios máis sensibles á resposta rápida que se poida dar á persoa afectada. As enfermidades do sistema cardiovascular son a primeira causa sanitaria de falecemento en Galicia, e máis de 1 000 persoas morreron en Galicia por infarto agudo de miocardio no ano 2016 (Instituto Nacional de Estatística 2016).

A planificación da atención por infarto agudo de miocardio resulta esencial para as consecuencias, tanto en termos de mortalidade como de control das secuelas que poida deixar. Como todos os expertos apuntan, unha rápida atención é esencial para a recuperación e control de consecuencias. A planificación da atención ao infarto agudo de miocardio vén sendo sinalada como unha grande eiva da Consellería de Sanidade, pola discutida organización dos centros que son referencia para as persoas pacientes, así como pola non atención 24 horas nos centros hospitalarios de Ourense e Lugo, o que supón que existen horas do día en que a poboación que ten como referencia eses centros hospitalarios, deben ser desprazados a Coruña ou Vigo, respectivamente, en caso sufrir un infarto.

En resposta aos problemas sinalados, a Consellería de Sanidade comprometeu no ano 2015 a creación do rexistro galego de infarto agudo de miocardio (Regaliam), para poder comprobar os datos referidos á atención nestas situacións, e a posibilidade de mellorar esta planificación. O compromiso de facer públicos os datos cada 6 meses cumpriuse só na primeira ocasión, na que se puido comprobar como algún dos problemas sinalados amosaba que a atención aos infartos debería darse 24 horas e non unicamente durante parte do día, pois as consecuencias eran gravosas para os pacientes derivados a outros centros máis afastados, como ocorría no caso de Lugo. A partir de aí,

deixaron de publicarse os datos, a pesares de que dende a consellería se utilizan, en algunhas ocasións, o que evidencia que seguen a ser recollidos pero non poden ser consultados publicamente.

A única modificación tomada pola consellería foi a de ampliar a atención aos infartos agudos de miocardio en Lugo e Ourense ata as 22:00 horas, pero non de 22:00 horas a 08:00 horas do dia seguinte, horario no que segue sen estar cuberta esa poboación nos tempos recomendados. Non existiu ningunha modificación na planificación que afecta aos pacientes da extinta área sanitaria de O Salnés, que seguen sendo enviados a Vigo cando, en boa parte dos casos, serían máis rapidamente atendidos no CHUS de Compostela, pola proximidade de dito centro.

En recentes datas, existen profesionais coñecedores a fondo do sistema sanitario de Galicia no referente á atención ás persoas infartadas, que reinciden na necesidade de mellorar estas cuestións, e poñen en dúbida a vontade de modificar e mellorar os aspectos relacionados coa planificación da atención ao infarto agudo de miocardio.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera a Xunta de Galicia que a súa planificación de atención ás persoas que sofren infarto agudo de miocardio é satisfactoria?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia modificar a planificación de atención ás persoas que sofren infarto agudo de miocardio na extinta área sanitaria de O Salnés? Que razóns son as que a Xunta de Galicia considera para que os pacientes afectados por infarto na extinta área de O Salnés sexan derivados a Vigo e non a Santiago?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia implantar o servicio de hemodinámica 24 horas nos centros hospitalarios do HULA e o CHUOU?

Pazo do Parlamento, 23 de abril de 2018

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/04/2018 16:56:39

Noela Blanco Rodríguez na data 23/04/2018 16:56:45

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/04/2018 16:56:51

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/04/2018 16:56:57

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 31237(10/INT-001040)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a velar pola correcta prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo

Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 31237
Data envio: 22/05/2018 14:26:05.791

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte INTERPELACIÓN.

A pesares das múltiples evidencias que as fórmulas de colaboración público-privadas na posta en marcha de centros hospitalarios, teñen pésimos resultados e elevados custos para o conxunto da sociedade, o Goberno de Feijóo decidiu realizar este tipo de xestión para o Novo Hospital de Vigo.

O modelo PFI tradúcese nunha ineficiente xestión privada do mantemento, provisión enerxética e servizos do centro, con consecuencias negativas para os servizos privatizados como o da cociña, lavandaría, mantemento…

Esta semana, coñecíamos as denuncias que están a facer dende o Hospital en relación a situación coas bolsas da roupa sucia, circunstancia da que xa se teñen queixado en outras ocasións e que está a ocasionar conflitos laborais.

En primeiro lugar encomendouse ao persoal de limpeza, que denunciaron que dita labor non viña recollida no prego de condicións e que ademais restáballes tempo para o aseo doutras zonas, tendo en conta a plantilla de mínimos na que se atopan.

Agora, a labor acaba de ser encomendada a Auxiliares de enfermería por orde da Dirección do complexo hospitalario, pero a Comisión de Centro de Atención Especializada, denuncia que estas función non son propias da súa categoría e non se atopan incluídas no Estatuto, concorrendo unha situación parecida á do persoal de limpeza en tanto que teñen que deixar outras tarefas como a propia atención a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 31237
Data envio: 22/05/2018 14:26:05.791

pacientes e tendo en conta que se trata dun colectivo que xa de por si sofre unha excesiva carga de traballo por mor dos recortes.

Os PCAP do contrato do Novo Hospital de Vigo contempla varias figuras que permiten á Xunta de Galicia velar polo correcto cumprimento dos servizos dos que se ten que facer cargo o concesionario así como da correcta execución dos mesmos, tanto mediante a Comisión Mixta de Seguimento á que se lle encomenda entre outras función a de "supervisar a execución ordinaria da prestación de servizos por parte do concesionario", ou mediante persoa que a Administración designe como representante no Consello de Administración, á que os PCAP outórganlle as función de "vixilancia no cumprimento das obrigas do concesionario e cantas función de certificación e informe sexan necesarias. En particular, examinará e comprobará os libros e contas da citada sociedade e inspeccionará, no seu caso, todas as instalacións e servizos".

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

- Cales son os informes da Comisión Mixta de Seguimento en relación a execución ordinaria da prestación de servizos por parte do concesionario?
- Que papel está a xogar a persoa que representa a Administración no Consello de Administración en canto a trasladar as situación precarias nas que se atopan os servizos privatizados?
- Que pensa facer o Goberno ante este conflito coa roupa sucia?
- Dende cando ten coñecemento o Goberno desta situación?
- Vai a Xunta de Galicia seguir beneficiando o lucro da concesionaria a costa do orzamento público e o sobreesforzo do persoal?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 31237
Data envio: 22/05/2018 14:26:05.791

GRUPO PARLAMENTAR en marea

- Ten pensado a Xunta de Galicia rectificar na súa decisión de apostar pola fórmula de colaboración público-privada na sanidade, tendo en conta as múltiples eivas e pésimos resultados para o interese xeral?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 22/05/2018 14:21:51

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 31575(10/INT-001051)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia

Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2018 16:58
Nº Rexistro: 31575
Data envío: 29/05/2018 16:58:33.729

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos Socialistas de Galicia

A protección e conservación da natureza e do medio ambiente é unha preocupación esencial da nosa sociedade, unha tarefa prioritaria que require dos poderes públicos a habilitación dos necesarios medios humanos e materiais. O desafío da prevención, extinción e investigación dos incendios forestais de nova xeración e a súa correlación co conxunto das políticas forestais e agrogandeiras en Galicia, intensifican o reto da Xunta de Galicia co seu persoal asignado para estes labores críticos.

Trala creación da primeira escala de Axentes Forestais de Galicia en 1992, adscrita ao Grupo D de clasificación funcionarial, no ano 2000 creouse a escala de Axentes facultativos medioambientais, grupo C, actualmente declarada "a extinguir" nos termos establecidos pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia con motivo da creación da nova escala de Axentes técnicos en xestión ambiental, Grupo B.

Actualmente os axentes están adscritos a dúas Consellerías (cuestión que debería ser tamén obxecto de análise de eficacia organizativa), estando 350 efectivos asignados á do Medio Rural e 150 á de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Todo este colectivo ten paralizadas dende o mes de decembro de 2017 as negociacións coa Xunta de Galicia sobre un acordo que regule as súas condicións de traballo, toda vez que o acordo asinado en 2004 leva varios anos caducado. As negociacións iniciáranse xusto tras a vaga de lumes de outubro de 2017, quedando suspendidas unilateralmente pola Dirección xeral de Función Pública.

As propias Consellerías de Facenda, de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e do Medio Rural asinaran coas organizacións sindicais en setembro de 2016 un compromiso para desenvolver un novo regulamento de funcións da escala. Tamén o acordo no que ademais interviña a Consellería de Educación

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2018 16:58
Nº Rexistro: 31575
Data envio: 29/05/2018 16:58:33.729

para iniciar a nova formación requirida polo novo subgrupo de pertenza na nova escala creada en 2015 non se ten cumprido.

Os compromisos de efectiva creación dos postos necesarios para investigación de incendios forestais en cada distrito é un incumprimento máis fronte aos recorrentes anuncios mediáticos do Goberno autonómico.

Estes incumprimentos deixan patente a falla de compromiso real por parte do Goberno galego coas condicións de traballo e funcións dos axentes forestais e medioambientais, encontrándonos xa practicamente na campaña de prevención e extinción de incendios forestais deste verán.

Polo exposto, os deputados e a deputada que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

Que previsións ten o Goberno galego para acadar un novo acordo de condicións de traballo e funcións dos Axentes forestais e medioambientais de Galicia?

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 29/05/2018 16:48:11

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/05/2018 16:48:23

José Antonio Quiroga Díaz na data 29/05/2018 16:48:32

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/05/2018 16:48:42

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 32269(10/POPX-000097)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a defensa dunha axenda galega diante do Goberno central

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 18:25
Nº Rexistro: 32269
Data envio: 11/06/2018 18:25:29.276

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Sr. Feijóo cando vai empezar a defender unha axenda galega ante o Estado ou vai seguir subordinando Galiza á súa axenda de ambición persoal?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2018 18:21:28

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 32270(10/POPX-000098)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a garantía no futuro dos proxectos postos en marcha como a reforma da política forestal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 18:26
Nº Rexistro: 32270
Data envio: 11/06/2018 18:26:51.589

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, dada a situación de incerteza sobre o futuro da dirección da Xunta de Galicia, considera garantidos a futuro proxectos en marcha como a reforma da política forestal?

Pazo do Parlamento, 11 de xuño de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/06/2018 15:32:48

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 32271(10/POPX-000099)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a contaminación das augas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 18:29
Nº Rexistro: 32271
Data envio: 11/06/2018 18:29:02.855

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA,** para a súa resposta **oral en Pleno,** dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. Presidente, a súa herdanza para Galicia vai ser deixar as nosas augas contaminadas?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 18:29
Nº Rexistro: 32271
Data envio: 11/06/2018 18:29:02.855

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Luis Villares Naveira na data 11/06/2018 17:56:01

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 32264(10/PUP-000173)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a información emitida pola CRTVG en relación coa manifestación cidadá levada a cabo o día 10 de xuño de 2018 en Santiago de Compostela, en contra da reapertura da mina nos concellos de Touro e do Pino

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 18:05
Nº Rexistro: 32264
Data envio: 11/06/2018 18:05:42.511

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sanchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Perez, Anxeles Cuña Bóveda, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araújo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Paula Vazquez Verao, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa **resposta oral en Pleno, con carácter de urxencia,** relativa ao control da minería.

Xustificación da Urxencia.

O 10 de xuño de 2018 percorreu as rúas de Santiago unha masiva manifestación (60.000 persoas segundo a organización) en contra do proxecto de reapertura dunha mina de cobre nos concellos de Touro e O Pino, convocada pola Plataforma Veciñal Mina Touro-O Pino Non e pola Plataforma en Defensa da Ría de Arousa, apoiadas por numerosos colectivos sociais e veciñais, así como forzas políticas e sindicais.

A mobilización foi tan masiva que se atrasou a hora de saída dende a Alameda, para rematar enchendo a Praza do Obradoiro.

O telexornal mediodía da TVG ese mesmo día abriu coa nova da crise sucesoria no PP; na apertura do TX, a nova da manifestación contra o proxecto mineiro ocupou o terceiro lugar.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 18:05
Nº Rexistro: 32264
Data envio: 11/06/2018 18:05:42.511

Xa no desenvolvemento da noticia, a información sobre a manifestación máis sobre a mobilización previa en redes da plataforma contra a miña xunto coa campaña da empresa a favor do proxecto e a opinión da Xunta, ocupa, en conxunto, catro minutos e medio de TX. Na locución da nova prodúcese unha referencia explícita a que a lei que regula a instalación destes proxectos é "do Bipartito".

As imaxes da manifestación non inclúen ningunha onde se poida observar a masiva presenza de xente na praza do Obradoiro.

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual continúa, a mediados de 2018, sen ser desenvolvida, incumpríndose, entre outros, a obriga de crear un Consello de Informativos na CRTVG.

Nos últimos anos, a CRVTG viu minguados os seus orzamentos, o seu persoal e a produción propia, nun camiño de deterioro do servizo público que ten o seu máis visible expoñente na manipulación informativa, que se vai ver acrecentada co anuncio da supresión das desconexións locais prevista para setembro de 2018.

O dereito á información e a ter un servizo público de comunicación audiovisual vese en cuestión co control informativo da CRTVG.

Por todo o exposto as deputadas e os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta **oral urxente en Pleno**.

- Ata cando vai o Goberno amordazar a CRTVG?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 18:05
Nº Rexistro: 32264
Data envio: 11/06/2018 18:05:42.511

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 11/06/2018 18:03:58

Antón Sánchez García na data 11/06/2018 18:04:03

Carmen Santos Queiruga na data 11/06/2018 18:04:10

Paula Vázquez Verao na data 11/06/2018 18:04:15

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/06/2018 18:04:18

Eva Solla Fernández na data 11/06/2018 18:04:23

Luca Chao Pérez na data 11/06/2018 18:04:26

Paula Quinteiro Araújo na data 11/06/2018 18:04:28

Magdalena Barahona Martín na data 11/06/2018 18:04:31

José Manuel Lago Peñas na data 11/06/2018 18:04:33

Francisco Casal Vidal na data 11/06/2018 18:04:36

David Rodríguez Estévez na data 11/06/2018 18:04:39

Marcos Cal Ogando na data 11/06/2018 18:04:42

Julia Torregrosa Sañudo na data 11/06/2018 18:04:44

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 28880(10/POP-003396)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis

Sobre os servizos e liñas de axuda que se están a pór á disposición dos emprendedores para facilitar a creación ou a consolidación temperá de novas empresas

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 12:19
Nº Rexistro: 28880
Data envío: 05/04/2018 12:19:42.846

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias e **Cristina Romero Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Iniciar un negocio, emprender, e moi diferente a xestionar unha empresa ou traballar para ela. O obxectivo de emprender é, a partir dunha idea inicial, ter a iniciativa e a decisión de abordar un proxecto empresarial que lle permita introducirse no mercado ben sexa fabricando un produto ou ben prestando un servizo.

Con esa filosofía, o Partido Popular de Galicia presentou ás eleccións autonómicas un programa electoral no que se afirmaba que "*Debemos apoiar especialmente ás persoas mozas con vocación empresarial, aos novos empresarios e aos empresarios con vocación de explorar novas liñas de negocio, especialmente no eido industrial*" e se comprometía que "*No marco do desenvolvemento da nova lei de emprendemento, impulsaremos a creación de novas empresas e o desenvolvemento, mellora e internacionalización de empresas de recente creación*".

O noso Grupo sigue comprometido con esa filosofía: o emprendedor é quen ten a intención, e crea unha empresa. Atrás quedaron as empresas por necesidade, aqueles que non encontraban unha mellor solución para a súa delicada situación económica que crear unha compañía que, con toda seguridade, acabaría en fracaso.

Hoxe a profesionalidade dos innovadores é cada vez máis evidente, xa non só porque hai más formación e mellor orientada, tamén porque xa existen emprendedores de segunda xeración que prestan a súa axuda as novas incorporacións de creadores de empresas. E ademais, hai menos aversión o risco que fai uns anos e está menos penalizado o fracaso.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2018 12:19
Nº Rexistro: 28880
Data envio: 05/04/2018 12:19:42.846

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Cada vez son máis as empresas que deciden montar o seu negocio en Galicia. As posibilidades que da está comunidade son moi valoradas polas empresas e cada vez son máis os que se deciden a emprender en algunha das provincias galegas.
Polo exposto anteriormente, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que servizos e liñas de axuda se poñen a disposición dos emprendedores para facilitar a creación de novas empresas ou para a consolidación temperá de novas empresas?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Dominguez na data 05/04/2018 12:16:09

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 05/04/2018 12:16:13

Maria Antón Vilasánchez na data 05/04/2018 12:16:24

Moisés Blanco Paradelo na data 05/04/2018 12:16:29

María Isabel Novo Fariña na data 05/04/2018 12:16:35

Marta Novoa Iglesias na data 05/04/2018 12:16:42

Cristina Isabel Romero Fernández na data 05/04/2018 12:16:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 32238(10/PUP-000172)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas sociais manifestadas na mobilización do día 10 de xuño de 2018 en Santiago de Compostela reclamando a denegación do proxecto mineiro para a extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:54
Nº Rexistro: 32238
Data envio: 11/06/2018 13:54:19.265

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Noa Presas Bergantiños**, **Olalla Rodil Fernández** e **Ana Pontón Mondelo**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén xustificada pola enorme preocupación xerada polo proxecto de megaminería a ceo aberto para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, e que se expresou o 10 de xuño na multitudinaria manifestación celebrada en Santiago de Compostela.

Exposición de motivos

Hai dous feitos que marcan a actualidade sobre a Mina Touro-O Pino, a manifestación do pasado día 10 de xuño e as analíticas das augas dos últimos 10 anos feitas públicas recentemente.

Ámbolos feitos marcan un antes e un despois.

O rexeitamento masivo da poboación afectada feito patente na manifestación multitudinaria do pasado domingo 10, e a certeza da pasividade do goberno do PP a respecto da contaminación reiterada e posta de relevo nas analíticas realizadas nos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:54
Nº Rexistro: 32238
Data envio: 11/06/2018 13:54:19.265

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

últimos 10 anos, levan a que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados e deputadas asinantes, formule a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Van atender o clamor social manifestado na mobilización do pasado domingo día 10 reclamando a denegación do proxecto mineiro de Touro-O Pino?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Ana Pontón Mondelo
Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/06/2018 13:53:54

María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2018 13:53:59

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:54
Nº Rexistro: 32238
Data envio: 11/06/2018 13:54:19.265

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2018 13:54:00

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2018 13:54:02

Noa Presas Bergantiños na data 11/06/2018 13:54:03

Xosé Luis Bará Torres na data 11/06/2018 13:54:05

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.4 30993(10/POP-003607)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar as Directrices de paisaxe no prazo comprometido

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 17:35
Nº Rexistro: 30993
Data envio: 15/05/2018 17:35:48.953

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

As Directrices de Paisaxe son, segundo o artigo 10 da Lei 7/2008, determinacións fundamentadas no Catálogo das paisaxes que establecen para cada unidade de paisaxe os obxectivos de calidade paisaxística.

A lei tamén establece que os obxectivos de calidade paisaxística deben expresar as aspiracións da cidadanía en canto á valoración e ao grao de compromiso na protección da paisaxe, polo que a determinación destes obxectivos debe partir dun proceso de participación pública.

O proceso de participación pública para a elaboración das Directrices de Paisaxe tivo lugar entre febreiro e abril de 2016.

Tal e como establece a Lei 7/2008, as Directrices de Paisaxe inclúen:

- Os indicadores de calidade paisaxística para o control e seguimento do estado e evolución das unidades de paisaxe.

- Normas e recomendacións para a integración dos obxectivos de calidade paisaxística nos plans urbanísticos e sectoriais, así como nas estratexias rexionais ou locais.

Estas determinacións impleméntanse mediante directrices de carácter vinculante para os instrumentos de planificación sectorial e urbanística.

O borrador de Directrices de Paisaxe, actualmente en tramitación, inclúe:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 17:35
Nº Rexistro: 30993
Data envio: 15/05/2018 17:35:48.953

1. Directrices xerais para a consideración da paisaxe no planeamento urbanístico, noutros instrumentos de ordenación ou xestión do territorio (instrumentos de ordenación e xestión de espazos naturais, de ordenación e xestión forestal e procedementos de reestruturación parcelaria) e directrices para a integración paisaxística das construcións en solo rústico.

2. Directrices para elementos presentes en distintos tipos de paisaxe: infraestruturas enerxéticas e viarias, parques eólicos, bancais, peches, valados, sebes, elementos do patrimonio cultural materiais e inmateriais, polígonos industriais, sendas, Camiños de Santiago, viarios históricos e tradicionais, miradoiros e puntos de observación.

3. Directrices para acadar os obxectivos de calidade paisaxística de cada Grande Área Paisaxística e das diferentes unidades de paisaxe.

4. Directrices para acadar os obxectivos de calidade paisaxística de AEIP e AEAP.

O Consello da Xunta aprobou o 12 de decembro de 2016 o inicio do trámite de avaliación ambiental das Directrices de Paisaxe.

Feijóo anunciou naquel momento que as Directrices serían aprobadas en 2017 facendo fincapé en que as Directrices de paisaxe son un deber legal, tal e como figura na Lei de protección de paisaxe de Galicia, e un deber colectivo da sociedade, xa que fai falta diagnosticar os obxectivos de calidade e garantir unha mellor xestión e protección.

Un ano e medio despois as Directrices de Paisaxe seguen sen aprobarse, segue sen aprobarse a Avaliación Ambiental, mentres si avanzan, por exemplo, os proxectos de instalación de parques eólicos polo país, que se proxectan sen os condicionantes cos que deberían de contar no caso de que fosen unha realidade ditas Directrices.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 17:35
Nº Rexistro: 30993
Data envio: 15/05/2018 17:35:48.953

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Cal é o motivo polo cal non están aprobadas as Directrices de Paisaxe no prazo prometido polo Presidente da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 15/05/2018 17:28:39

Marcos Cal Ogando na data 15/05/2018 17:28:47

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 31312(10/POP-003642)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do impacto ambiental que está a ter a carencia de estación depuradora de augas residuais no lugar de San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros

Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 11:05
Nº Rexistro: 31312
Data envio: 24/05/2018 11:05:41.395

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Dende o ano 2009, Augas de Galicia ten aberto seis expedientes sancionadores ao Concello de Barreiros, na provincia de Lugo, tres deles relacionados co lugar de San Miguel de Reinante, na praia de Arealonga. O mesmo organismo xa redactara un proxecto de nova EDAR para este lugar, mais este proxecto está na actualidade en supervisión, en fase de avaliación e revisión.

Ademais dos custes das propias sancións para un concello pequeno como Barreiros, os efectos medioambientais que supón a falla de EDAR nunha zona de especial protección (ZEC, ZIP e Rede Natura) son nefastos, tamén porque o resto de depuradoras do concello non funcionan debidamente.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que opina o Goberno galego da afectación medioambiental negativa que está a ocorrer no lugar de San Miguel de Reinante, en Barreiros (Lugo) pola falla de EDAR?

Pazo do Parlamento, 22 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/05/2018 11:00:58

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/05/2018 11:01:05

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 11:05
Nº Rexistro: 31312
Data envio: 24/05/2018 11:05:41.395

Grupo Parlamentario

Raúl Fernández Fernández na data 24/05/2018 11:01:11

María Luisa Pierres López na data 24/05/2018 11:01:16

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 31322(10/POP-003644)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do Proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos ubicadas en Teo

Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 12:04
Nº Rexistro: 31322
Data envio: 24/05/2018 12:04:18.942

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a solicitude de autorización dunha instalación de xestión de residuos en Teo.

O pasado 15 de maio o goberno municipal de Teo convocou aos veciños e veciñas da parroquia de Calo a unha reunión na que se informou de que no Concello tiñan constancia desde decembro de 2017 do "Proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude da autorización ambiental integrada das intalacións de xestión de residuos ubicadas en Teo (A Coruña)", presentado polo Grupo Toysal.

O obxecto deste proxecto e solicitude de autorización é, tal e como figura no documento, "a posta en funcionamento na antiga canteira de Camilo Carballal unha planta de tratamento e reciclado de residuos composta por unha planta de biogás agroindustrial, unha instalación de procesado de digestatos e produción de fertilizantes". É dicir, preténdese poñer en funcionamento no lugar da Casalonga, no concello de Teo, unha planta de xestión de lodos de depuradoras, lodos de conserveiras, lodos e residuos de industrias agroalimentarias, residuos SANDACH, puríns e estercos, e outros tipos de residuos altamente contaminantes.

A información e explicacións do goberno municipal de Teo na reunión do martes 15 de maio, sobre o impacto ambiental e social dos procesos que se pretenden desenvolver nunha instalación que se vai situar a menos de 400 metros dun núcleo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 12:04
Nº Rexistro: 31322
Data envio: 24/05/2018 12:04:18.942

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

urbano, así como o impacto que vai ter no tráfico pola circulación diaria dos vehículos pesados que transporten os residuos, provocaron nos veciños e veciñas asistentes alarma e fonda preocupación diante do que xa é considerado como un vertedeiro. Así pois os veciños e veciñas asistentes á reunión decidiron constituír unha plataforma veciñal para defenderse fronte ao que consideran unha nova fonte de problemas despois de aguantar durante anos as consecuencias da antiga canteira.

Esta planta de xestión de residuos vai ter impacto inmediato en Teo, mais tamén vai afectar a outros concellos da contorna, polas potenciais consecuencias negativas da instalación que pretende poñer en marcha a empresa Toysal na Casalonga.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten coñecemento a Xunta de Galiza do "Proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude da autorización ambiental integrada das instalacións de xestión de residuos ubicadas en Teo"?

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 12:04
Nº Rexistro: 31322
Data envio: 24/05/2018 12:04:18.942

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2018 12:03:21

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2018 12:03:26

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2018 12:03:28

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2018 12:03:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2018 12:03:35

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2018 12:03:39

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 31211(10/POP-003633)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para seguir avanzando no proceso de desdobramento e conversión do corredor Nadela-Sarria en autovía

Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 10:56
Nº Rexistro: 31211
Data envio: 22/05/2018 10:56:58.651

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Mª Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e **Raquel Arias Rodríguez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Un dos avances máis significativos na pasada lexislatura en materia de mellora das infraestruturas viarias na provincia de Lugo foi a posta en servizo do corredor que une a capital coas localidades de Sarria e Monforte, xa que a nova vía de altas prestacións contribuíu a vertebrar e comunicar o sur da provincia de Lugo.

O proxecto deseñado polo Goberno galego prevía as condicións técnicas e estruturais para seguir avanzando neste obxectivo e, máis en concreto, para a conversión do actual corredor nunha autovía.

O Partido Popular liderou a proposta para activar a conversión en autovía deste corredor, establecendo como prioridade iniciar este proceso de desdobramento nunha lonxitude de 11,5 quilómetros entre o enlace Sarria-Centro e a rotonda do Páramo/Pobra de San Xiao.

A Xunta acordou iniciar as obras por este tramo por ser un dos que soporta unha maior intensidade de tráfico, unha media de 6.600 vehículos diarios e presenta ademais, un nivel de servizo máis baixo polas menores posibilidades de adiantamento.

Recentemente a Axencia Galega de Infraestruturas, organismo dependente da Xunta, adxudicou por 170.610 euros a redacción do proxecto construtivo para acometer esta obra.

O Goberno galego segue deste xeito apostando por infraestruturas eficientes e sustentables deseñadas pensando nas persoas e no mellor servizo aos usuarios das vías.

A Xunta aposta por comunicacións que reforcen a competitividade do territorio, e melloren a vida dos galegos, e que sirvan de pulo para apoiar os motores da recuperación e o emprego, incrementando as oportunidades de cohesión social e territorial.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 10:56
Nº Rexistro: 31211
Data envio: 22/05/2018 10:56:58.651

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

O corredor absorbeu a maior parte do tráfico da LU-546. A súa conversión en autovía é ademais unha vella demanda na comarca.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que previsións manexa o Goberno galego para seguir avanzando no proceso de desdobramento e conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/05/2018 10:44:00

María Julia Rodriguez Barreira na data 22/05/2018 10:44:08

Martín Fernández Prado na data 22/05/2018 10:44:37

Jaime Castiñeira Broz na data 22/05/2018 10:44:45

Jacobo Moreira Ferro na data 22/05/2018 10:44:52

Marta Novoa Iglesias na data 22/05/2018 10:45:00

Gonzalo Trenor López na data 22/05/2018 10:45:07

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 22/05/2018 10:45:20

Raquel Arias Rodríguez na data 22/05/2018 10:45:28

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 32265(10/PUP-000174)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o posible ofrecemento pola Xunta de Galicia ao Concello de Ourense dalgunha alternativa para que se celebre este ano o Festival de Cinema Internacional de Ourense

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 18:15
Nº Rexistro: 32265
Data envio: 11/06/2018 18:15:18.698

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Concepción Burgo López e **Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral urxente** en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada por coñecer recentemente que moi probablemente non se celebre este ano o Festival de Cinema Internacional de Ourense (OUFF), o que suporía un duro revés non soamente para o sector audiovisual, senón tamén para a vida cultural da cidade, xa que se privaría a todos os ourensáns e ourensás do aceso a esta oferta de contidos puntuais e diversa; ao tempo que se perdería a oportunidade de que este evento sexa tamén un escaparate da cidade para todos e todas aqueles que asisten, e que contribúen co seu paso por Ourense durante a súa promoción e nos días en que se celebra, ao seu desenvolvemento económico.

O Festival de Cinema Internacional de Ourense (OUFF) é un dos máis relevantes eventos cinematográficos de Galicia, e incluso de España.
Celébrase anualmente no mes de outubro, dende a súa primeira edición en 1996, consolidándose como mostra das producións máis destacadas do cinema independente, punto de encontro para os profesionais do sector, e como plataforma promotora do audiovisual. Concibido coma un festival que tenta ofrecer unha plataforma de actividade e desenvolvemento ao cinema e audiovisual independentes, o Festival de Cinema Internacional de Ourense pon o seu acento, segundo se pode ver na propia web, en tres obxectivos:
"1. Dar visibilidade, servindo como plataforma promocional ante o público e os profesionais, ás obras cinematográficas e audiovisuais máis innovadoras e controvertidas producidas en Galicia e en todo do mundo, que contribúan ao entendemento mutuo de todas as culturas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

2. Servir como punto de encontro en Galicia entre Europa, Iberoamérica e o resto do mundo, para a formación, desenvolvemento, co-produción e distribución do audiovisual galego e internacional.
3. Ofrecer unha plataforma de traballo para o desenvolvemento e difusión da cinematografía e o audiovisual de ámbito galego/lusófono con proxección europea e internacional".

Este festival, organizado polo Concello de Ourense, ten contado en todas as súas edicións con moitos patrocinadores e colaboradores: entidades, empresas, e institucións, entre as que se atopa a Xunta de Galicia.

Segundo datos recentes, a tan só cinco meses da próxima convocatoria, está en perigo a súa celebración. Dende o propio Concello de Ourense afirman que o problema radica na imposibilidade de realizar as contratacións de persoal tal e como se viñan facendo ata o de agora, debido á aprobación e á entrada en vigor, o 8 de marzo deste ano, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Ofreceu a Xunta de Galicia ao Concello de Ourense algunha alternativa para garantir que se celebre este ano o Festival de Cinema Internacional de Ourense (OUFF)?

Pazo do Parlamento, 11 de xuño de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 18:15
Nº Rexistro: 32265
Data envio: 11/06/2018 18:15:18.698

Grupo Parlamentario

Noela Blanco Rodríguez na data 11/06/2018 18:05:14

Maria de la Concepción Burgo López na data 11/06/2018 18:05:22

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/06/2018 18:05:27

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 19.06.2018 Hora: 10:00
Orde do día

7.9 30799(10/POP-003594)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as razóns da supresión como declarables, nas axudas da política agraria común, dos pastos arbustivos e dos pastos sobre arboredo

Publicación da iniciativa, 305, 16.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 18:08
Nº Rexistro: 30799
Data envio: 09/05/2018 18:08:14.864

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e **Paula Quinteiro Araujo**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentn a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno,** sobre os pastos arbustivos e pastos sobre arboredo non declarables hoxe nas axudas da PAC.

A comezos do século XX, en Galicia máis de 2 millóns de ovellas e cabras eran xestionadas polos seus propietarios. Os pequenos ruminantes son os animais mellor dotados para consumir recursos herbáceos e arbustivos, tan abundantes e mal aproveitados en Galicia, e poden vivir case exclusivamente do pasto e do ramalleo dos arbustos.

Estes rabaños, tiñan a súa propia singularidade nas zonas de montaña, cas veceiras ou rabaños comunitarios, grandes rabaño nas zonas de serra que pastoreaban as zonas altas e inaccesibles.

Moitas están a ser as causas da súa desaparición, pero tamén debemos de ter en conta as súas vantaxes, que pasan dende a súa perfecta adaptación o medio, a súa resistencia as enfermidades, lonxevidade, precocidade sexual, etc...

Hoxe en día en Galicia, xa só quedan 229.000 cabezas de gando ovino e cabrún repartidas entre 21.709 explotacións gandeiras, das cales unicamente 76 ganderías teñen máis de 250 animais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 18:08
Nº Rexistro: 30799
Data envio: 09/05/2018 18:08:14.864

GRUPO PARLAMENTAR en marea

En 2015 aplicouse unilateralmente unha quita nos pastos arbustivos e pastos sobre arboredo declarados na PAC que afectou ao 85% de todo territorio, de xeito que todos os recintos de menos de 3.000 metros cadrados foron reasignados cun coeficiente de admisibilidade igual a cero.

Isto supuxo por enriba que esta declaración de superficies da PAC marcase o primeiro ano de compromisos no período do PDR 2015-2020, limitando o cobro por uso de toda esa superficie salvo que fose alegada.

Paradóxicamente na recente publicada Lei Ómnibus, a Comisión Europea recoñece a singularidade deste aproveitamento con pastoreo, e suprime a obriga da consolidación herbácea, reducíndoo unicamente á consolidación do pastoreo sobre esa superficie, vindo a dar a razón das nosas propostas anteriores do 2015.

Dende En Marea defendemos este tipo de especies leñosas e arbustivas como base da alimentación do noso ovino e caprino, o mesmo tempo que están a facer un traballo preventivo nos nosos montes moi importante.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados que subscriben formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal foi o motivo para suprimir os pastos arbustivos e pastos sobre arboredo declarables nas axudas da PAC, tal e como teñen en outras comunidades autónomas?

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2018 18:08
Nº Rexistro: 30799
Data envio: 09/05/2018 18:08:14.864

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 09/05/2018 18:06:05

Paula Quinteiro Araújo na data 09/05/2018 18:06:15